

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a Fundación España Salud, de Venezuela en Caracas para a atención das necesidades socio sanitarias e de atención domiciliaria da cidadanía galega residente en Venezuela

Á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspóndelle, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras: as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude e as atribuídas á Comunidade Autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

A Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes a potenciar e reforzar os vínculos coa nosa cultura dos galegos e galegas residentes fóra de Galicia, que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior. Estas entidades galegas son asociacións nas que tradicionalmente se reúnen as persoas emigrantes e as súas familias para manter vivos os costumes que nos son propios e reforzar os lazos sociais e culturais. Arredor destas asociacións réunese un gran número de persoas galegas, que son os axentes principais a través dos que Galicia fomenta a súa cultura.

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Española Salud de Venezuela un convenio que ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias e domiciliaria ás persoas maiores de orixe galega residentes en Venezuela que necesitan da súa cobertura por razóns de idade, dependencia e falta de recursos para afrontalas.

A Fundación España Salud é unha entidade sen ánimo de lucro, radicada en Venezuela, cuxo obxecto é a prestación de asistencia sanitaria médico-cirúrxica e farmacéutica ás persoas emigrantes españolas beneficiarias de pensións asistenciais, en particular a aquelas que se atopan en situación de precariedade económica, sen prexuízo de que a súa acción se estenda a toda a colectividade española; presta, ademais, o Servizo de Axuda a Domicilio (SAD) para asistencia a persoas en situación de dependencia co fin

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com



de atender as súas necesidades da vida diaria, dando cobertura a mais de 6.000 españois e españoas residentes en Venezuela, entre as que figuran máis de 1.800 persoas de orixe galega.

En Venezuela reside un número moi importante de persoas emigrantes españolas de orixe galega (preto de 27.000 segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro de decembro de 2024) que, pola súa situación, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria, situación actualmente agravada polas especiais circunstancias que se viven no país de residencia.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrencia pública.

Para dar cumprimento ao obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará unha contía de 100.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

